



## 1. NORMATIVA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO

- DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro. (DOG do 11 de febreiro).
- ORDE do 12 de marzo de 2013. (DOG do 15 de marzo).
- ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013. (DOG do 1 de febreiro).
- ORDE do 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG do 22 de decembro).
- Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2022-2023.

## 2. VACANTES NOS DISTINTOS NIVEIS EDUCATIVOS CONCERTADOS PARA O CURSO 2022/2023

CURSO	UNIDADES AUTORIZADAS	VACANTES DISPOÑIBLES PARA CURSO 2022/23	RESERVAS NEE
4º EI	1	25	3
5º EI	1	14	
6º EI	1	8	
1º EP	1	13	3
2º EP	1	10	
3º EP	1	9	
4º EP	1	13	
5º EP	1	10	
6º EP	1	8	
1º ESO	2	41	6
2º ESO	2	30	
3º ESO	2	32	
4º ESO	2	32	



### 3. PERMANENCIA

O alumnado matriculado no centro ten garantía de permanencia nos termos establecidos no artigo 5.1 do Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo tanto, o cambio de curso, ciclo, nivel ou etapa non requirirá un novo procedemento de admisión, agás que coincida cun cambio de centro. Se presenta solicitude de admisión noutro centro deberá comunicalo á dirección. En caso de resultar admitido noutro centro, o posto escolar quedará vacante a efectos de admisión de novo alumnado.

### 4. PRAZOS

- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: **do 1 ao 21 de marzo de 2022.**
- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMO en caso de haber máis solicitantes que prazos: **do 24 de marzo ao 6 de abril** ambos inclusive.
- EXPOSICIÓN DAS LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS: **22 de abril de 2022.**
- PRAZO DE RECLAMACIONES: **do 25 ao 29 de abril de 2022** ámbolos dous inclusive.
- EXPOSICIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS: **13 de maio de 2022.**
- FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA: **do 20 ao 30 de xuño de 2022.**
- FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA EN ESO e BACHARELATO: **do 25 de xuño ao 10 de xullo de 2022.**

### 5. SOLICITUDES

Presentarase **UNHA ÚNICA SOLICITUDE POR ALUMNO NUN ÚNICO CENTRO, QUE TERÁ CARÁCTER VINCULANTE.** Nela poderán pedirse ata seis centros por orde de preferencia. A infracción desta norma determina a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

**Presentar en secretaría en horario de mañá a seguinte documentación:**



- Formulario de admisión cuberto e asinado polos pais/titores legais (pódese solicitar na secretaría do centro ou descargar na aplicación <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>). No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambas/os proxenitoras/es, agás que a patria potestade estea atribuída con carácter exclusivo a un deles, ou en situacións de violencia de xénero. En ambos casos, será necesario presentar a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo.
- Fotocopia do libro de familia e DNI do alumno/a solicitante e dos pais/titores legais
- Certificado de matrícula curso actual 2021/2022 (agás alumnos que soliciten prazas para 4º de infantil)

## 6. PUNTUACIÓN

CRITERIO	PUNTUACIÓN
Irmás/Irmáns no centro	Primeiro irmán: 8 puntos Segundo e seguintes: 2 puntos cada uno
Traballador do propio centro	3 puntos, non acumulables por ambos proxenitores
Proximidade do domicilio familiar	En área de influencia: 8 puntos En áreas limítrofes: 4 puntos
Lugar de traballo do pai/nai/titor/a	En área de influencia: 6 puntos En áreas limítrofes: 3 puntos
Renda anual per cápita da unidade familiar	Inferiores a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos Igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM: 1 punto Igual ou superior ao IPREM: 0 puntos
Discapacidade igual ou superior al 33%	Do alumno/a: 4 puntos Dun pai, nai, titor/a: 3 puntos Irmán ou irmá: 1 punto cada uno
Pertenenza a familia numerosa	Categoría Xeral: 2 puntos Categoría Especial: 3 puntos Condición de familia monoparental: 2 puntos
Parto múltiple	Dous irmáns: 8 puntos Máis de dous hermanos: 10 puntos



Miembro computable vítima violencia de xénero	2 puntos
Miembro computable vítima terrorismo	2 puntos
Criterio complementario do centro	Outorgarase 1 punto a familiares de antigo alumnado ata segundo grado de consanguinidade ou afinidade, acreditable vía presentación dos correspondentes libros de familia ata demostrar o parentesco co antigo alumnado.

## 7. ÁREA DE INFLUENCIA DO CPR PLURILINGÜE PADRE FEIJOO ZORELLE:

Perímetro comprendido por:

parte oeste da N-540 desde os límites do termo municipal (Cabeza de Vaca, Castelo...). Barrio da Carballeira desde avenida Marcelo Macías. Rúa Ponte Codesal, rúa Domingo Fontán, rúa da Coruña, rúa Pena Trevinca, rúa Emilia Pardo Bazán, rúa Xoán de Nóvoa ata cruzamento coa avenida de Bos Aires. Avenida de Bos Aires ata cruzamento coa rúa Manuel Lugo Freire, avenida Ramón Otero Pedraio ata cruzamento coa rúa Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Rúa Alfonso Rodríguez Castelao continuando por rúa Pablo Iglesias, Avenida da Ribeira Sacra ata cruzar a Ponte Nova. Avenida de Marín, rúa Euloxio Gómez Franqueira ata N-120. N-120 por Ponte Ribeiriño. Dirección oeste por Avda. Ribeira Sacra e Paseo das Ninfas ata límite do termo municipal. Todas as rúas interiores dentro deste perímetro.

Área limítrofe: resto do municipio

- **Domicilio familiar en área de influencia: 6 puntos**
- **Lugar de traballo en área de influencia: 4 puntos**
- **Domicilio familiar en área limítrofe: 3 puntos**
- **Lugar de traballo en área limítrofe: 2 puntos**

## 8. VALORACIÓN DA RENDA

Suma das casillas da declaración da renda de 2019 números 435 e 460; o resultado dividilo entre o número de membros da unidade familiar (435+460)/membros da familia:



- 3 PUNTOS: Inferior a 3.227,02 €
- 2 PUNTOS: Igual ou superior a 3.227,02 € e inferior a 4.840,52 €
- 1 PUNTOS: Igual ou superior a 4.840,52 € e inferior a 6.454,03 €
- 0 PUNTOS: Igual ou superior a 6.454,03 €

## 9. CRITERIO COMPLEMENTARIO ESTABLECIDO POLO CENTRO

Conforme ao establecido no artigo 28 da ORDE do 12 de marzo de 2013, a titularidade do centro otorgará **1 punto a familiares de antigo alumnado ata segundo grado de consanguinidade ou afinidade**, acreditable vía presentación dos correspondentes libros de familia ata demostrar o parentesco co antigo alumnado.

## 10. CRITERIOS DE DESEMPATE (Artigo 29)

- Maior puntuación por irmáns/ as no centro
- Maior puntuación por proximidade do domicilio familiar ao centro ou lugar de traballo de nai, pai, titor/a ou acolledor/a.
- Maior puntuación por renda per cápita da unidade familiar.
- Nai, pai, titor/a ou acolledor/a traballador/a de o centro.
- Condición de familia numerosa.
- Irmáns nados en parto múltiple.
- Condición de familia monoparental.
- Maior puntuación por concorrencia de discapacidade.
- Condición de vítima de violencia de xénero.
- Condición de vítima de terrorismo.
- Criterio establecido polo centro educativo. As letras de prioridade que afectan ao primeiro apelido serán as resultantes do sorteo público que se celebrou o mércores 23 de febreiro: foron “V” e “U” para o primeiro apelido e “A” e “Z” para o segundo.



## 11. ADSCRIPCIÓN A CENTROS

O centro está adscrito ao [IES O Couto](#). O alumnado que termina 4º de ESO pode facer reserva de praza para cursar 1º de Bacharelato no instituto do 11 de xaneiro ao 08 de febreiro de 2022.

## 12. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O centro dispón de servizo de comedor con cociña propia e servizo de madrugadores desde as 7:50 horas. Tamén se ofertan actividades extraescolares en horario de 9:00 a 10:00 e de 17:30 a 18:30 sempre que a situación sanitaria o permita.